


Pontevedra



Suplemento de 9 Correo Galego que aparece os xoves.
Coordinación: A.R. Lopez e Soledade Noia. Desenho: Anton Lopo.
Ilustracións e fotografías: Chico Miras.
Maquetación: Carme Botana.
E-mail: Rd1@elcorreogallego.es



Filosofía e compromiso





¿É posible o socialismo na era do capitalismo?; ¿É o socialismo resposta á tiranía da explotación imperialista?; ¿Poden estruturarse, na sociedade e os medios de comunicación, novas formas alternativas?; ¿Pode crearse unha subxectividade revolucionaria? ¿Cal é o papel dos intelectuais? A Semana Galega de Filosofía, organizada pola Aula Castelao e na súa XX edición, volveu en Pontevedra sobre a 'Filosofía e Compromiso': ¡Cantas palabras para un mesmo desconcerto!, que diría Cortázar. Porque tamén Cortázar ancorou no discurso de clausura do escritor Méndez Ferrín quen visitou – en días de ferro e de invasión imperialista no Iraq – os espazos imaxinarios das letras galegas dende a perspectiva da loita de clases: soños dos oprimidos que soñan coa emancipación. É a palabra que, durante unha semana, non foi nin neutral, nin aséptica, nin inocente. É a palabra que encrava a idea que pretende transforma un mundo: ou, máis ben, lograría transformalo e por iso se teme. Témesse mentres renxe de fondo a volta do Iraq a un estado prenatal, como apuntou o sociólogo norteamericano James Petras que, sobre a irrefutable consolidación da lei da impunidad imperial dos EEUU –na que cadraron todos os relatores– foi un dos principais impulsores da chamada 'Declaración Pontevedra' onde se denuncia “a inquietude, ante o

Palabras do desconcerto



feito (...) de que Cuba forma parte da actual estratexia agresiva do imperio norteamericano” e destacábase ante todo “o recoñecemento á significación mundial da revolución cubana desde a data do seu triunfo no 1959 ata o día de hoxe”. O documento foi asinado, entre outros, polo dramaturgo Alfonso Sastre, o teórico da teoloxía da liberación, Raúl Fornet, o poeta e editor de Espiral Maior Miguel Anxo Fernán-Vello, a coordinadora da Aula Castelao, Carme Adán, os catedráticos Ramón Regueira e Barreiro Barreiro ou o académico da RAG, Méndez Ferrín que circulará na rede ata o 17 de maio. Polo compromiso cun espazo, unha cultura, unha historia e unha lingua posicionáronse os intelectuais galegos (Alonso Montero, Domingo Docampo, María Xosé Queizán, Xosé Manuel Beiras, Xosé Luis Barreiro, Manolo Rivas, Uxía Senlle) que incidiron –sen perder de vista aquel imperialismo que se agocha na vaporosa verba da globalización– na negación dunha cultura propia, dun logos propio, dunha organización económica propia ou a intención asimiladora por todos os medios das voces, tamén da voz de mulleres, sobre o que alertaron as feministas, Queizán e Celia Amorós. Berrouse ¡Non! de Celso Emilio Ferreiro: ¡non! á catástrofe como a do 'Prestige' da que ningún se esqueceu. Seguiuse en masivo e espectral silencio os versos de Manuel Rivas en oda a Pucho Boedo: “¡Mayday, mayday, mayday! ¡Pan-pan, pan-pan, pan-pan! ¡Securité, securité, securité!..... E en nome da seguridade, apóiase a invasión de Iraq. “Hoxe campa un espírito asimilador” resume a Aula Castelao nas conclusións dunha Semana nas que se fixo obrigado parafrasear a Brecht: “Os asoballadores dispóñense a dominar outros dez mil anos/ a brutalidade avala que todo seguirá o mesmo”. Así “os intelectuais deberán implicarse e tomar partido”, apremiou Sánchez Vázquez, un marxista humanista exiliado tralo golpe do 36 en México, que co escritor uruguaio Eduardo Galeano apuntan á destrución da Torre de Marfil. Sometida a unha dura crítica aquela ‘intelligentsia benpensante’, como fixo o dramaturgo Alfonso Sastre, a RDL recolle neste monográfico as palabras do desconcerto: o desconcerto de quen se mira no espello dunha sociedade de linguaxe perversa.

CINCO FORMAS DE MIRAR –A DO DRAMATURGO ALFONSO SASTRE, O ESCRITOR EDUARDO GALEANO, A TEÓRICA DO FEMINISMO, CELIA AMORÓS, O SOCIÓLOGO JAMES PETRAS E O MARXISTA HUMANISTA, SÁNCHEZ VÁZQUEZ– ADVIRTEN, NUNHA DAS XORNADAS DA XX SEMANA GALEGA DE FILOSOFÍA, DA NECESIDADE DE ARTICULAR UNHA ALTERNATIVA CONTRA A FORZA BESTIAL DO IMPERIALISMO QUE CAMPA ÁS SÚAS ANCHAS BAIXO A LEI DA IMPUNIDADE. A DESIGUALDADE COMO MOTOR DO PENSAR, A DIFERENCIA DE XÉNERO, A LOITA POLO DEREITO SAGRADO Á AUTODETERMINACIÓN DOS POBOS, OU A POSICIÓN DA ESQUERDA ABROLLARON NUN INÉDITO MITIN BAIXO O LEMA ‘O ANTIIMPERIALISMO E OS HOMES E MULLERES INTELECTUAIS’: UNHA CHAMADA CONTRA A DICTADURA DO PENSAMENTO UNIFORMADO.

Contra a dictadura do pensamento uniformado

S

ÁNCHEZ VÁZQUEZ: A guerra de Iraq terminou militarmente, pero empeza a ocupación. Os inconfesables obxectivos do imperialismo

quedan ó descuberto en canto ó desarmamento, en canto á loita contra o terrorismo, en canto ó nobre propósito de levar a liberdade e a democracia ós iraquís. Cúmrese un plan perfectamente deseñado de dominación mundial. Debe quedar claro que non se trata dos delirios dun presidente mediocre –séndoo, por suposto– e mesiánico, senón dun plan organizado, en perfecta consonancia coas raíces estruturais e históricas da política de guerra do imperialismo ianqui, que responde á política imperialista na súa fase máis depredadora. Claro que a política de guerra e de expansión dos Estados Unidos xa vén de lonxe. América Latina é vítima dela dende hai tempo: dende a guerra inxusta contra México, ocupándose da metade do seu territorio, ou coa provocación do 98 en Cuba, afiándose unha política de expansión que culmina nos nosos días. Dentro desta política de expansión e dominio, un capítulo máis é a invasión de Iraq. Os obxectivos están perfectamente deseñados: non foron trazados en momentos recentes, con motivo do 11-S. Ante esto, a alternativa emancipatoria é difícil e incerta porque, fronte esta política imperialista, non existe un freo ou límite efectivo que se lle opoña. As mobilizacións na rúa, a elevación da conciencia, son

un bo comezo que esperemos que se despreguen para estruturar unha alternativa ó capitalismo depredador. Na construción da alternativa hai que rexeitar vellos hábitos, vellos conceptos e mentalidades da esquerda e imaxinar novas formas de loita: un movemento verdadeiramente internacional. É evidente que, sen unha fase de organización e de acción, non será posible encontrar esa alternativa. Nisto correspóndenos a nós, os intelectuais, un papel importante e, especialmente ós filósofos, e como tal debemos desfacer toda unha serie de supostos que saen ó paso duns procesos de emancipación ou liberación. Filosofías como a do posmodernismo que descartan, como algo carente de fundamento, toda empresa de emancipación: debemos desfacer estas hipóteses tan limitadoras e negativas; desfacer, coa nosa crítica, as falsas concepcións deterministas e teleolóxicas da historia, coas que se entende que esta atopa o seu fin co capitalismo liberal dos nosos días, e saír ó paso das posturas sobre a condición inmutable do home; dun home egoísta e insolidario. Se isto se postula, carecería de sentido calquera empresa de liberación. A historia, a loita dos traballadores e a mobilización dos pobos, con todas as súas limitacións, demostra cómo se transcende e supera a falsa concepción dun home egoísta. Necesitase unha nova concepción da política á que teñen que contribuír os filósofos. Necesitamos reivindicar a política fronte ós intentos de desacreditala, de desacreditar a loita polo poder.

ALFONSO SASTRE: Dende o meu punto de vista é limitado, polo feito de que estou nunha zona descolocada no campo intelectual: para a xente de letras, somos xente do teatro, e para a xente do teatro, somos de letras.

GALEANO: Son xente, á fin.

SASTRE: Efectivamente. En todo caso o teatro é un grande observatorio social. Estou completamente de acordo no que di Sánchez Vázquez de que estamos vivindo un proceso longamente deseñado que conta cuns últimos episodios que se poden localizar a partir do 1990-91, coa guerra do Golfo. Alí empeza unha nova fase que sucede á situación na que quedou o proceso histórico cando se produce a derrubada do campo socialista. De todos os modos, non é un momento calquera: aquí é onde vería unha inflexión, cualitativa ou non. Non o sei. Pero é un momento crucial da estratexia e, anque non é nada novo que o imperio norteamericano destrúa e ocupe un país, o que agora ocorre sóame a novo: é un momento crítico que anuncia unha nova crise que pode conducirnos a algunhas saídas de tipo positivo. Vexoo en lugares como no que me movo e cómo os actores e actrices que sempre permaneceron mudos e inactivos ante estes problemas, de socato, se mobilizan. Non só se mobilizan senón que ocupan posicións de vangarda, no movemento de protesta contra ese ataque a Iraq que estaba cantado. Hai que ver se o feito vai ser seguido e, se vai consolidar, no teatro un movemento crítico, forte e radical. Se isto se produce noutros niveis profesionais estaríamos ante unha nova realidade. Así podería chegar a ocorrer que determinadas análises deixen de ser válidas: tería que reformularme cuestións que se poderían verificar, como o desprazamento á dereita dos intelectuais e artistas durante os últimos anos. Hoxe non sería nada raro que se producira unha inflexión no mundo intelectual e artístico no sentido de recuperar unha paixón crítica, que parecía abandonada. Estamos nuns momentos críticos e interesantes no que as observacións que fagamos terán que ser reconsideradas porque están ocorrendo cousas novas, tamén dende o punto de vista dramático. É un momento forte da historia: a historia continúa e poderemos participar nela.

CELIA AMORÓS: "Hai que apelar ó bo sentido da humanidade", dicía unha autora como Mary Woolfstonecraft. Hai que tomar esa heranza e poñela á altura dos tempos. Hai que civilizar o conflito de civilizacións. O universal de occidente resultou ser un universal nesgado ó caer na universalidade substitutoria en vez de ser interactiva. Hoxe fálanos de pór un Mac Donald no centro de Bagdade. Oscila da similitudín ó folclore. As feministas, como feministas, teñen algo que dicir porque os intelectuais de esquerda fan proxección nas culturas das súas paixóns ro-



Un anaco no chan da estatua caída de Saddam Husein



O sociólogo norteamericano James Petras. Foto: Mon Escuredo.

mánticas, como Foucault coa revolución iraniana. Tentacións que pagamos as mulleres. Nelas dáse o deber da identidade mentres que os homes resérvanse o dereito á subxectividade. Podemos dicir que unha subxectividade sen identidade sería baleira, parafraseando a Kant. Pero unha identidade sen subxectividade, sen mediacións crítico-reflexivas ou de resignificación desa mesma identidade sería baleira. Nos problemas do multiculturalismo hai un núcleo duro que é o imaxinario referido ós xéneros. No Islam, a separación entre vida e morte e a racionalización que dan para que teña que haber unha separación radical entre o privado e o público, porque o ámbito do público nos varóns é o da morte e, o do privado, é o da vida. Vimos estes días imaxinarios monstruosos como os enfermeiros con fusís, que é a transgresión xa de todos os espazos, da vida e da morte.

EDUARDO GALEANO: Este é un tema que ten máis dun tronco pero seguramente moitas ramas. Empezo evocando o que lle pasou ó pai dun amigo, o poeta argentino Juan Gelman. Seu pai, don José, de oficio carpinteiro, chegara a Arxentina alá polo ano dez a principios do século XX e viña fuxindo do terror, a pobreza e a guerra —as guerras— do centro de Europa e na poboación de Campana, na provincia de Bos Aires, exerceu por vez primeira o dereito de voto: era a súa cerimonia de iniciación nas prácticas democráticas que nunca desfrutara. Na poboación de Campana, don José vai votar. Hai un cuartín pechado, unha urna e dúas ringleiras de voto: unha do partido radical e outra do conservador. Dous montonciños. Don José vai coller o seu voto polo radical cando subitamente irrompe no cuartín por un burato o cano dun fusil. Detrás, escóitase unha voz do outro lado que di: ¡jastaste equivocando de montón! E o cano do fusil sinala cal é o montón correcto, democraticamente correcto. Acordeime desta historia ó ver os diarios co gallo das declaracións que se suceden dende o país ocupante, os EEUU, a propósito do país do vencido e do que será a democracia no país vencido, cando a democracia ocorra. O secretario de Defensa, no que parece un chiste de humor negro, o Secretario de Ataques Donald Rumsfeld di que haberá eleccións sempre e cando non gañen os partidos islámicos. É unha democracia como aquela que coñeceu D. José Gelman, de oficio carpinteiro, cando o cano do fusil "o informou" sobre cal era a opción correcta. Díciá Sánchez Vázquez, e creo que é verdade, que isto ten algunhas características novas pero que no fondo non é tan novo: levamos xa moitos anos de guerra, ocupacións que se levaron a cabo en nome da democracia ou a liberdade. En América Latina hai experiencias ó respecto. Os EEUU ocuparon por exemplo Nicaragua, poñámos por caso, durante 21 anos: tamén chegaron para un pedaciño, como agora, e quedaron 21 anos deixando instalada, cando se foron, a dictadura de Somoza. Na República Dominicana estiveron nove anos e deixaron a Trujillo. En Haití, quedaron dezanove: tamén foron por uns minutos. ¡É que son xente tendente a estar!, digamos. Vanse quedando e quedando. Dezanove anos en Haití deixaron unha cantidade de réximes militares que desembocaron no feroz de Duvalier. Digo todo isto a propósito dos tempos que veñen: unha situación nova, dise, pero digna de indignación. Como ocorreu hai pouco en Afganistán: non construíron nin unha soa escola e dos 16 ministros do réxime de ocupación militar en Afganistán, 10 teñen pasaporte dos EEUU, os outros seis merecen telo pero non puideron facer os trámites. Isto leva á necesidade asentar que o dereito de autodeterminación dos pobos que é un dereito sagrado. Para min sempre o foi: cando as tropas soviéticas entraron en Praga ou cando invadiron Afganistán. Manifesteime publicamente a favor do dereito de autodeterminación e en contra desas invasións, o que provocou algúns problemas con amplos sectores da esquerda que aplaudían esas invasións porque só estaban co dereito de autodeterminación cando lles conviña. Hai dereitos sagrados que



Un soldado norteamericano detén un cidadán iraquí logo da entrada das tropas británicas e de EEUU en Bagdad



A teórica do feminismo, Celia Amorós. Foto: Mon



O filósofo, exiliado en México, e profesor Sánchez Vázquez. Foto: Mon

están máis alá das conveniencias políticas de cada sector ou incluso dos diferentes puntos de vista e opinións que se poidan ter.

PETRAS: Quero falar dos intelectuais e os grandes acontecementos que afectan á humanidade. Tamén das grandes equivocacións dos intelectuais de esquerda fronte dos desafíos do imperialismo, empezando por Afganistán: o xefe de seguridade nacional na Administración Carter declarou hai pouco que eles, os EEUU, lanzaran a invasión de Afganistán financiando os mulás, a mafia deretista fundamentalista, con miles de millóns de dólares xunto co Xa de Arabia para invadir e cortar a cabeza das mestras, das mulleres e dos funcionarios-mestres urbanos que foran lanzar a reforma agraria. 50.000 mulleres afgás foran a Rusia a estudar. Creio que unha parte da esquerda apoiou a invasión norteamericana baixo as bandeiras da liberación coas consecuente entrada dos talibán e a destrución da cultura. Hoxe sabemos que a principal exportación de Moldavia e Ucraína son mulleres. Despois do tráfico de drogas, o principal ingreso son as 200.000 mulleres dos países orientais que entran no comercio sexual. Tamén ocorre o mesmo na outra liberada Kósovo, Macedonia... Non é un problema de reformar os países que eran comunistas. Non era necesario destruír, co apoio do Papa, o sindicalismo amarelo de EEUU e a CIA traballando con Walesa, que agora pechou os portos estaleiros onde antes os obreiros, con todas as dificultades, podían traballar, facer folgas e sindicarse. Non existe máis que como lugar turístico para os vellos guerreiros da guerra fría: para visitar e ver a punta de lanza desta famosa revolución. A vida dura agora en Rusia seis anos menos que no ano 89. Peor que en Bangla Desh: que está en 58 anos. Entón ¿debe a esquerda repensar criticamente o seu discurso de liberación e ver como os *liberadores* son os máis servís dos servís fronte ás guerras imperialistas dos EEUU? Só pido algunhas reflexións sobre os posibles erros. Logo tivemos as guerras dos Balcáns e moitos membros da esquerda e ONG foron apoiar a intervención humanitaria (o imperialismo humanitario) que destruíu Belgrado e puxo as armas nas mans das forzas terroristas albanesas, que controlan o tráfico de drogas e ocultan na sombra a mafia italiana. Guerras de intervención imperialista pouco humanitarias. Despois temos os outros erros de Iraq onde moitos intelectuais de esquerda, posicionáanse en contra da guerra pero non apoian a resistencia: e cando EEUU gaña e conquista desaparecen as grandes manifestacións. Acabou a guerra pero ¿onde están os intelectuais? E ¿por que moitos intelectuais son tan tímidos en atacar os sionistas, o poder do likud, no goberno dos EEUU? Porque teñen medo de que os acusen de antisemitas, atacados polos seus colegas médicos e académicos que non teñen a coraxe de enfrontarse ós arquitectos da política de EEUU no Medio Oriente. ¿Onde están?. Cuba tamén vive unha situación complexa: segue estando na lista de Bush para atacar e cortar relacións: mesmo as transferencias familiares. Neste momento podemos ter discrepancias dos autotitulados disidentes, que recibiron o ano pasado 7,5 millóns de dólares. ¡A min tamén me gustaría ser disidente cobrando estas bolsas! Son auténticos funcionarios dos EEUU, reciben cartos do exterior para atacar o Goberno. Vén reflectido no documento da AID. Os disidentes son financiados e apoiados polo embaixador norteamericano que fixo unha viaxe de 6000 quilómetros con eles. ¡Calquera país no mundo que ten xente recibindo cartos facendo crítica contra o Goberno, non son simples xornalistas ou escritores! Son autónomos ou funcionarios, escollede. Tamén temos o problema de Palestina. ¿Cantos críticos de Iraq se atreven a apoiar a resistencia palestina? Sempre é o dobre demo: terroristas israelís, terrorista palestino. Pero, non señores, hai a violencia dos oprimidos e o dereito a realizar unha acción. O desafío para todos é funcionar co sentido común. Debe haber unha unificación das forzas para chegar ó poder. Hai un interese na volta ó socialismo de

consellos, asembleario. Hai experiencia na autonomía das comunidades. Non se pode dicir que non existan alternativas.

SÁNCHEZ VÁZQUEZ: A experiencia histórica que culmina coa derruba do socialismo real obriga á esquerda que estivo dentro deste movemento a facer unha verdadeira análise e autocrítica do vivido neses anos baixo o signo do leninismo e a experiencia soviética. O que pasou por socialismo durante anos non o era: era un proxecto de tipo socialista. Os bolxeviques tiñan o poder para crear unha sociedade socialista pero ese proxecto, orixinalmente socialista, desembocou na disolución do socialismo. O socialismo de Marx non era a negación da democracia, senón a crítica da democracia burguesa. En ningún caso apuntou un sistema despótico. Iso non era socialismo, iso foi inspirado por unha certa interpretación do marxismo-leninismo e, anque hai que diferenciar leninismo e stalinismo, non se pode reivindicar o primeiro. A esquerda ten, autocriticamente, que construír unha alternativa social que é incerta.

PETRAS: Hai etnocentrismo na expresión americanos, sen embargo hai americanos en Tierra de Fuego ou México. Pero subconscientemente funciona a expresión para incidir que son os donos de todas as américas. Sobre os manifestantes, no período actual Chomsky e outros amigos falan da forza moral que emerxía e que, por vez primeira, había un movemento masivo contra a guerra en EEUU. Era unha visión moi optimista ante as protestas de centos de miles ante a guerra. Non haberá ningunha concesión do réxime ultraimperialista dos Estados Unidos no seu ataque a Cuba. Mesmo os homes de negocios, considerando as razóns do mercado, non están en condicións e á altura para desafiar o Goberno. Chomsky ten unha idea optimista do valor moral das mobilizacións pero equivócase no prognóstico xa que a medida que avanza a guerra, exitosa na conquista e o xenocidio, baixan as protestas ata tal punto que, cando a ocupación era total, a protesta reduciuse a cero. Hoxe reduciuse o activismo militante –300 aquí, 300 alá— e sobre isto hai que reflexionar: creo que gran parte dos que saíron á rúa era por medo, por medo sementado polo Goberno, así como por algunha parte da esquerda, ante o temor de que ocorrera un atentado ou se estimulase máis o terrorismo no mundo. Protestaron por medo das repercusións ante as xentes oprimidas, e na medida en que EEUU conquista e domina vanse para a casa ó sentírense máis seguros. Ante a hipótese obvia, da conspiración terrorista: aí está a fanfarrinada de Bin Laden e a Yihad. Pero ó final non pasaba nada, inin se tocaba o teatro pornográfico en Nova York. Non pasaba nada, non había ameaza. A hipótese obvia é que non existe tal conspiración. En EEUU, quérnese escoitar contos de éxito e assimilar a doutrina chauvinista: é unha vella fórmula de Hollywood. ¿Como debemos administrar os programas de axudas?. Ese é o debate que se dá en EEUU e en ningún momento os intelectuais se posicionan claramente coa resistencia iraquí. ¡Non! Non o din e a loita en Iraq continúa. Podemos solidarizarnos coa nova fase do anticolonialismo que é a loita nas rúas de Iraq. Debemos reflexionar sobre eso ¿Eran erros tácticos ou falta a coraxe de estendela máis alá do simple *non a guerra*?

CELIA AMORÓS: Non se pode confundir a EEUU co proxecto ilustrado de Occidente, que non é só de Occidente xa que todas as culturas teñen o seus momentos ilustrados: o Islam tivo tamén os seus momentos crítico-reflexivos. En Exipto, a finais do S. XIX houbo un movemento destas características.

PETRAS: Moitos observadores dos acontecementos do 11-S do 2001 tiñan claro de que o feito se ía usar como pretexto para un programa de guerras permanentes porque están implicados en doutrinas xa anunciadas. Dende o 92 propúñase a conquista mundial e a relegación dos seus competidores a un nivel de in-

fluencia baixa. Non só Chomsky, senón outros observadores críticos, intuitivamente, tiñan a idea de que iso ía acelerar a política militarista. Incluso nesta época os mesmos arquitectos da política militarista tiñan sobre a mesa un ataque a Iraq. "Debemos atacar Siria, Irán e Iraq", dicía un moderado fronte a Bush. O 22 de setembro, Bush falaba de 60 inimigos no mundo, anque coas súas listas de prioridades que empezaba en Oriente Medio por razóns da influencia particular de Israel e non só do petróleo. Cuba está na lista. Pero se países como Cuba ou Corea do Norte, por exemplo, empezan a desenvolver mísiles que aumenten o custo de intervención norteamericano como medidas de defensa ¿que posición vai tomar a esquerda? ¿Que debe desarmarse como Iraq? Debemos pórnos máis serios sobre os problemas de seguridade destes países baixo ameaza inminente, declarados explicitamente. Hai que ser realistas no seu mellor sentido: de que os pobos teñen dereito a utilizar todos os medios á súa disposición para frear o imperialismo fascista. Custe o que custe: o único que entende o pobo estadounidense é cando sofren baixas e no proceso deben pagar un prezo.

SASTRE: A violencia vai acompañada dun xeito descarnado de poñela en práctica. Non se defende como lexítimo o imperio da tortura. Hai unha situación relativamente nova: suceden cousas estimulantes para que o mundo da dramaturxia tome parte nos debates. Estamos nun momento no que dende o derrubamento do socialismo real desaparecera do teatro unha forza de contrapeso fronte ós excesos do imperialismo norteamericano. Hai dúas potencias fronte a fronte: a primeira, Estados Unidos e a outra, a xente, pero ¿como se pode desenvolver esta estratexia para que sexa potencia?

GALEANO: Entendo que é desproporcionada a importancia que se lles atribúe ós intelectuais e ó mellor ten moito que ver con esa ilustración da que fala Celia Amorós. Pero ¡libreme Deus de ser pensador! O peor que lle pode pasar a un é ser pensador. Opto por pensar e sentir. ¡Coidado cos que mirándose a un espello son capaces de verse posuídos pola verdade! Recómenlles un baño de humildade. Hoxe vivimos un momento de estupor, de máis preguntas que respostas, anque non hai señora máis fecunda que aquela que se chama DÚBIDA. A guerra exprésase de moitos xeitos e a militarización do mundo comprende a defensa dos privilexios dunha parte pequena da sociedade que se impón sobre o xénero humano. O FMI felicita a América Latiana: a potencia financeira (FMI) que despeza a soberanía, felicita os despeizados, e ¿quen os elixiu? Hai unha sorte de monarquía universal fronte á que é moi difícil resistir: moi necesario pero tamén moi, moi, moi difícil. Non hai receitas doadas, simplemente non hai receitas. Hai que ter a cabeza e o corazón moi abertos fronte a un sistema que se difraza de destino e di ser eternidade. Non podemos facer nosos os mitos de Hollywood. Non podemos facer nosos os valores do inimigo que pensa que os seus valores se miden na bolsa. A guerra fíxose igual pero ¿foi a mobilización un fracaso? Si, pero haberá que seguir tendo máis fracasos. Debe xurdir de abaixo, con lentitude e contradición, no pleno desfrute da diversidade. Non se pode caer no esquematismo que leva a desmontar a conciencia crítica dos países dominados. A liberdade e a xustiza marchan xuntas ou non marchan. A fractura entre a razón e a emoción é parte da doutrina da desvinculación. Está especializada en divorciar o que toca. O presente desvincúlase da memoria que o anunciou e a palabra das súas fontes. Os ladróns de palabras, que nos escriban un diccionario traidor.

a r. LÓPEZ e s. n. OJA



Unha das imaxes da catástrofe do 'Prestige' na Costa da Morte

Eu, Nós

Aléxico ás entrevistas para a prensa escrita, Galeano volveu a Galicia para dende Pontevedra incidir na “crónica do dobre fracaso do século XX”: da socialdemocracia e dos estados comunistas convertidos en policiais. En Pontevedra quixo “ser solidario con Cuba”.

a

sina Galeano, que é o seu apelido materno, desde os tempos que comezou a escribir. “Iso foi cando eu tiña 19 anos, ou quizais a penas uns días, porque chamame así foi un xeito de nacer de novo”, escribe en *O Libro dos abrazos*: unha das obras –que subscribe como a “máis persoal”– deste uruguaio, noutro exiliado en España e Arxentina, que entende “a cultura como comunicación”, que se alía cos que pensan que “hai momentos en que a dignidade humana debe optar polo silencio” e que adoptou, dunha comunidade de pescadores de Colombia, o termo “senti-pensante” para negarse a separar a cabeza do corpo ou razón de corazón; aplacar, ou mesmo desterrar para si mesmo e para outros, o uso da palabra “intelectual” ou non acreditar nas etiquetaxes que, pondera, “dispáranse neste tránsito pola necesidade de termos a todos clasificados”. “É como ter bolboretas cravadas nunha parede”, apunta Eduardo Hughes Galeano (Montevideo, 1940) o que noutra volta espeta: “¡Libreme deus de ser pensante!”.


Logo aquel cazador de historias e neto de Castelao –como el mesmo se presenta– responde á polémica aberta ante o artigo *Cuba doe*, no que critica os fusilamentos e cadeas na illa. “¡Moitos consideraban que me pasara!” –exclama Galeano ante os que o acusan de traizón ou ven nel aquel arrenegado que en horas decisivas abeira do marxismo, marcando na negación un antes e un despois no home. Coa

súa resposta vén implícito aquel xesto do enfado que fai agrandar os ollos e repite: “Un partido único, como tamén existe en Estados Unidos, non o vexo nin dentro nin fóra de Cuba”; posición, aclara, que non lle impide “ser solidario coa illa”. “Non se pode confundir diverxencia con herexía: a converxencia nacida da diverxencia que da diverxencia se alimenta é a única forma de amar digna de fe”, repite, lenta e pausadamente, facendo apolemas das palabras que, a medida que pasa o tempo, busca compor e cristalizar en fórmulas-textos máis pequenos: tamén síntese de ideas de quen participa da tese de que “a contradicción é motor da vida” e apela á “total identidade dos fins cos medios”.

Logo ¿segue sendo a revolución cubana contaxiosa? “É contaxiosa polo que contén. É solidaria e tamén digna. Ten tanta dignidade como para facer unha transfusión como un mundo”, sostén Galeano, autor de obras como *O fútbol a sol e sombra* (1995) ou *Patas arriba. A escola do mundo ó revés* (1998) que a comezos do ano 1985 regresara a Montevideo, cando Julio María Sanguinetti asumira a presidencia, onde actualmente vive, camiña e escribe.

A primeira vez que Galeano foi a Galicia, os seus amigos levárono, segundo narra, ó río do Olvido. Contáranlle que os lexionarios romanos, nos antigos tempos imperiais, querían invadir estas terras, pero de alí non pasaran: paralizados polo pánico, detivéranse na beira. “Eu estaba empezando –relata– o meu exilio en España, e pensei: se bastan as augas dun río para borrar a memoria ¿que pasará comigo, resto de naufraxio, que atravesei toda unha mar?”. Alberga Galeano a idea –como dicía o profesor Sánchez Vázquez– de que o exilio é unha realidade que “divide por dous”. Dúas memorias e dúas patrias que o autor exiliado na Arxentina e España subverte e recorda, como ten escrito, parella ó sentir dos fuxidos e desterrados galegos e que, a diferenza daquel río do Olvido, “nunca se esquecen nin ó ir, nin ó estar, nin ó volver”. Hoxe –trinta anos despois da publicación do ensaio *As veas abertas de América Latina* (1971)– advirte dunha “sorte de monarquía universal de tres coroas” na que fai abrollar “o Fondo Monetario Internacional (FMI), manexado por cinco países, o Banco Mundial (BM) por outros sete e a Organización Mundial do Comercio (OMC), que funciona na praxe con métodos estalinistas”. “As soberanías foron usurpadas por esta sorte de monarquía universal” –recunha o escritor que, ante os 30 anos da edición do que posiblemente sexa o único libro que cumpre exactamente coas regras dun único xénero, fai actual, como fixo daquela, a proclama insurreccional da Xunta Tuitiva na cidade da Paz de xullo do 1809: “Gardamos un silencio bastante parecido á estupidez”.

“O mundo é máis inxusto do que era hai trinta anos” asegura Galeano ó radiografar en América Latina “governos que non gobernan porque se agudiza a débeda externa e ós que se une a maquinaria militar ó seu servizo”. “Aumenta a desigualdade”, inquire quen, totalmente identificado co movemento zapatista e a figura do subcoman-



dante Marcos –“co que tamén discrepo nalgúns puntos” apuntou– advirte de que “cando as relacións se fundan no poder da obediencia terminan en monólogo, e deixa de seren vivas”.

O Galeano-xornalista da resistencia que non pasa por alto “a necesidade de conquistar espazos de expresión independente acurralados pola concentración do poder” ou, o que é o mesmo, o Galeano-escritor, convocan dende os seus textos á utopía constante apelando á memoria –como “porto de partida” precisa– ou a “recuperación da diversidade do mundo”. Mensaxeiro, peón nunha fábrica de insecticidas, cobrador, taquígrafo, caixeiro de banco, diagramador ou editor, non dubida en destacar que “todo o século XX é a crónica dun dobre fracaso: o fracaso da socialdemocracia e dos estados comunistas convertidos en estados policiais”, fronte ó que receita “a coraxe da verdade”. Verdade que se oculta tralas leis do capital que todo o empapa: “tamén o multimillonario mediático Murdoch tiña nos seus anos mozos un cadro de Lenin colgado na parede”, quere destacar da perversión quen palpa tralo silencio unha linguaxe moi expresiva; quen sostén a capa e espada “que calquera intento de transformar a realidade pasa por coñecerla”; que xornalismo e literatura son “parte do mesmo”, descolgando do altar ó rei-libro ou que “a solidariedade vén unida a liberdade de conciencia”, salvando este principio para que os procesos sociais de cambio non se petrifiquen. Claro que Galeano non cre que a mirada do ser humano sexa obxectiva. O autor, que participou a semana pasada na XX Semana Galega de Filosofía en Pontevedra, volveu a Galicia para alertar sobre unha “industria do engano, prospera e lucrativa” e daquelas “palabras nadas da necesidade de mentir” nun relatorio que concitou unha desas expectativas que desbordan. Expectación que debuxou como “unha cerimonia compartida de transmisión de enerxía”: todo un ritual de quen –dírase que abafado polos moitos compromisos contralidos, quizais entre eles esta entrevista– alerta da tendencia intelectual á arrogancia. “Non se pode traícar coa esperanza”, esgrime quen quixo ser sobre todo debuxante ou futbolista e rematou escribindo sobre o estado das cousas: sobre un sistema, como ten escrito, no que *estás obrigado a ser xodador ou jodido, mentidor ou mentido. Tempo do que me importa, o que lle vas facer, o non te metás, o salvese quen poida. Tempo dos tramposos: a produción non rende, a creación non serve, o traballo non vale*. O seu alento pasa hoxe, mentres dá forma a un novo libro no que leva inmerso dende hai anos, polo que considera un dos grandes versos endexamais escritos: *Eu, Nós* (Me, We) do que fora boxeador Mohamed Ali. **Foto: Mon**

SOEDADE NOIA e A.R.LÓPEZ



revista das letras 468

A morte

A morte agárdame como unha solteirona
na cita da fouce
para colleitar mellor o tempo que pasa
a morte agárdame como unha princesa
no enterramento da miña xuventude
para chorar mellor o tempo que pasa
a morte espérame como Carabosse
no incendio das nosas vodas
para rir mellor do tempo que pasa

pero qué hai detrás da porta
e quen me agarda xa
anxo ou demo non importa
diante da porta o que hai es ti

a morte agarda babxo o cabezal
que eu esquecín de espertar
para xear mellor o tempo que pasa
a morte agarda que os meus amigos
me veñan a ver en plena noite
para dicir mellor que o tempo pasa
a morte agárdame nas túas mans claras
que deberán pechar as miñas pálpebras
para abandonar mellor o tempo que pasa
pero qué hai detrás da porta
e quen me agrada xa
anxo ou demo non importa
diante da porta o que hai es ti

a morte agárdame nas derradeiras follas
da árbore que fará o meu ataúde
para remachar mellor o tempo que pasa
a morte agárdame nas illas
que un sepultureiro botará sobre min
para adornar mellor o tempo que pasa
a morte agárdame nunha gran cama
preparando as toallas do esquecemento
para pechar mellor o tempo que pasa



Jacques Br el



Suplemento de O Correo Galego que aparece os xoves.
Coordinación: A.R. Lopez e Soedade Noia. Desenho: Anton Lopo.
Ilustracións e fotografías: Chico Miras.
Maquetación: Carme Botana.
E-mail: Rd1@elcorreogallego.es

Je vas rentrer comme ça !

J. Brel.

Cando se cumpren vintecinco anos da súa morte, as cancións do mítico **Jacques Brel** están máis presentes que nunca e seguen a provocar nas persoas que as escoitan os labirintos sentimentais dunha época na que o amor foi existencial e a canción unha forma de transformar o mundo. Foron quince os anos durante os que Brel desenvolveu unha das máis inesquecibles traxectorias da música francesa, quince anos ata que decidiu en 1967, con 38 anos e no cumio da súa carreira, aban-

O home mancado



donar os escenarios, unha actitude que el xustificou por respecto ó público. “Deixo de cantar por razóns de honra-dez, non polo cansazo, porque cando se consegue unha certa técnica, chégase á tentación de enganar e acábese sucumbindo a esta tentación. E eu xa estaba no momento en que se comeza a enganar.”, declarou. A partir dese momento dedicouse ó teatro –con musicais como *O home da Mancha*–, ó cine, a desfrutar dunha intensa vida persoal na que as mulleres ocuparon un lugar central e aínda que Michel foi a súa esposa, os últimos anos do cantante transcorreron xunto a Maddly, a súa última compañeira. **REVISTA DAS IETRAS** lembra a Brel traducindo, por vez primeira ó galego, algunhas das súas cancións emblemáticas, entre *Non me deixes*, considerada a máis intensa canción de amor da música popular do século XX.

O aventureiro

Ningún dos cantantes da música francesa é tan poeta como Jacques Brel, aquel home contradictorio que en 1967 abandonou a canción por "coherencia persoal" –xusto no cume da fama– e que once anos despois, cando el tiña 49, morría dun cancro de pulmón e repousa para sempre no cemiterio de Atuana, a aquela residencia tropical que posuía nos mares do sur. Apaixonado amante dunha ristra de mulleres que encheron, ata o último momento, unha existencia rica en aventuras sentimentais, Jacques Brel era claramente un misóxino e nesas letras que escribiu a borbollóns dá boa mostra desa misoxinia. Tamén homófobo, as súas cancións de desengafos e amores imposibles convertéronse, sen embargo, en auténticos himnos emocionais da comunidade homosexual. Nacido en Bruxelas pero francés de adopción, pola súa terra natal non amosou nunca o mínimo aprezo e, pola contra, é agora en Bélxica o país no que máis se idolatra a aquel home pequeno e inquieto, mancado probablemente pola ferida existencial, que pasou a súa vida intentando fuxir del mesmo, do conformismo e do mediocre ambiente burgués que rodeou a súa infancia e adolescencia.

Brel pasou á inmortalidade pola súa canción *Ne me quitte pas* (*Non me deixes*), un tema escrito en 1959 que algúns críticos consideran un dos mellores poemas de amor nunca escrito, aínda que el sempre afirmou que era unha tema sobre a covardía do amante abandonado.

A súa personalidade de aventureiro, inconformista, xene-roso, intenso, amante do mar e dos barcos, fíxolle pasar toda a súa vida na busca de aventuras e en constante crítica do modelo tradicional da vida occidental. "Vivir con dignidade é o contrario que fan os burgueses, as xentes que só pensan en contar o seu diñeiro"; "Vivimos nun mundo demasiado tranquilo. Os homes xa non teñen a aventura, e todos os homes soñan con ela", son algunhas das súas frases célebres.

Debutou como cantante en 1953 e ó ano seguinte deixou Bélxica para probar fortuna en París, cidade que o lanzou á fama mundial. Na capital francesa, e sobre todo ó longo de 1954, cantou en distintos cabarés, como L'Echelle de Jacob and Les 3 Baudets, e realiza o seu primeiro concerto no Olympia, a sala que se convertería na súa auténtica casa. Autor, compositor, intérprete, actor e realizador, Brel foi ante todo un viaxeiro. Toda a súa vida e obra foi unha apoloxía do movemento e a arte foi para el unha forma de expresar o seu odio para todo o que ós seus ollos transpiraba inmovilismo.

"Non me gustan as persoas imbecíles. Porque a imbecilidade é a preguiza. O imbecil é un tipo que vive dicíndose: é suficiente o que teño e o que sei. A preguiza é a parvada, unha especie de graxa arredor do corazón e do cerebro", afirmaba a miúdo o cantante.

Moi amigo da cantante existencialista francesa Juliette Greco e contemporáneo de toda a revolta cultural da década dos 60, Jacques Brel destacou tamén pola súa honestidade e vigorosas declaracións en defensa das súas crenzas e filosofía de vida. Ademais da súa faceta como cantante que entregaba a súa alma no escenario, no que protagonizou memorables recitais dunha gran forza e intensidade, tamén pro-

bou sorte no cine tanto como actor (*A aventura é a aventura*) como realizador (*Franz*). En dous días de recitais era capaz de perder ata cinco quilos por toda a forza física que dilapidaba, afirmou o seu irmán Pierre Brel.

Les bourgeois, Le plat pays, Amsterdam, La fanette, Bruxelles, Les Marquis, La valse a mille temps, son algúns dos seus títulos que marcaron fitos na música da súa época, ou igual que *On n'oublie rien. Les remparts de Varsovie* ou *Les fenêtres*. As súas cancións tiñan, sobre todo, as de nome feminino como *Rosa* ou *Germanine*, aínda que cunha inclinación para os que comezaban con *M* –como era o caso do nome da súa propia esposa– con títulos clásicos como *Madeleine*, *Mathilde* ou *Marieke*. "As mulleres", dixo nunha entrevista con Jean Clouzet, "non poden achegar o equilibrio a un home pola sinxela razón de que elas toman sempre máis do que dan".

Na súa música tamén abundan as lembranzas, as esperanzas que non chegan a cumprirse como realidade, a dor das lembranzas ou a retranscrición da vida.


Brel deixou a canción en 1967, con 38 anos, cando estaba no cumio, actitude que xustificou por respecto ó público. "Deixo de cantar por razóns de honestidade, non polo cansazo, porque cando se consegue unha certa técnica, chégase á tentación de enganar acábase sucumbindo a esta tentación. E eu xa estaba no momento en que se comeza a enganar.", declarou.

A finais da década dos 70 partiu a un exilio voluntario para as Illas Marquesas, onde tratou de se repor do seu xa precario estado de saúde e onde tentou recuperar forza moral, dolorido pola súa incompatibilidade coa sociedade occidental.

Casado en 1953 con Michel, coa que tivo tres fillas, non era un pai de familia modelo, xa que prefería máis a compañía dos seus amigos, e repartía a súa vida entre París e Bruxelas, segundo os seus biógrafos. Fumador de ata cinco paquetes de cigarros ó día, morreu dun cancro de pulmón, pero sempre afirmou que "o simple feito de vivir era malo para a saúde". Foi operado de urxencia en novembro de 1974 en Bruxelas e morreu en 1978 en París, desde onde foi trasladado ó cemiterio de Atuana, nas Illas Marquesas, onde repousa preto do mar e non lonxe da tumba do pintor Paul Gauguin.

"A canción", deixou escrito, "non é nin unha arte maior nin unha arte menor. Non é unha arte. É un terreo moi pobre porque está traballado por toda unha serie de disciplinas. Facer un poema é cousa de sentar, coller unha pluma e deixarse levar pola imaxinación. Mesmo o alexandrino é menos opriente que as disciplinas que reñen a canción. Por outra parte, a música, que é unha cousa marabillosa e pola que teño o máis grande respecto, perde unha gran parte das súas cualidades desde o intre en que é posta ó servizo dun texto. Entre todas as artes, non coñezco ningunha que estea tan cuxelada como a cancións".

S.OEADA NOIA E a.r. IÓPEZ



Non me deixes

Non me deixes
Cómpre esquecer
todo pode esquecerse
que xa se esvae
esquecer o tempo
de malentendidos
e o tempo perdido
a saber cómo
esquecer esas horas
que ás veces matan
a golpes de por qué
o corazón da felicidade
non me deixes
non me deixes
non me deixes
non me deixes

Eu ofrézoche
pingas de chuva
traídas do país
onde nunca chove
Remexerei a terra
ata a miña morte
para cubrir o teu corpode ouro e de luz
Farei un país
onde o amor será o rei
onde o amor será a lei
e ti serás a raíña
non me deixes
non me deixes
non me deixes
non me deixes

non me deixes
inventareiche
verbas sen sentido
que ti entenderás
falareichedes amantes
que viron dúas veces
inflamarse o seu corazón
contareiche
a historia dese rei
morto por non poder
reencontrarte
non me deixes
non me deixes
non me deixes
non me deixes

É frecuente ver
avivecer o lume
dun vello volcán
que se cría vello de máis
ó parecer existen
terras queimadas

que dan máis trigo
que o mellor abril
e cando chega a tarde
para que o ceo arda
o vermello e o negro
non se xuntan tamén?
non me deixes
non me deixes
non me deixes
non me deixes

non me deixes
non vou chorar máis
non vou falar máis
agochareime aí
para poderte ver
bailar e sorrir
para escoitarte
cantar e despois rir
deixa que me converta
na sombra da túa sombra
a sombra da túa man
a sombra do teu can
non me deixes
non me deixes
non me deixes
non me deixes

Nada se esquece

non se esquece nada de nada
nunca se esquece nada
non se esquece nada de nada
un faise, iso é todo

nin esas partidas nin eses barcos
nin esas viaxes que nos volvían chavetas
de paisaxe en paisaxe de rostro en rostro nin to-
dos eses portos nin todos eses bares
nin todas esas esparrelas para aburridos
onde se espera a mañá gris
no cine do noso whisky

nin todo isto nin nada no mundo
sabe cómo facernos esquecer
pode facernos esquecer
que tan certo como a terra é redonda
non se esquece nada de nada
nunca se esquece nada
non se esquece nada de nada
un afaise, iso é todo

nin eses xamais nin eses sempre
nin eses á mote nin eses amores

que un persegue a través dos corazóns
de gris en gris de choros en choros
nin eses brazos brancos dunha soa noite
colar de muller para o noso aborrecemento
que un desata ó mencer
coas promesas de regreso

nin todo isto nin nada no mundo
non sabe facernos esquecer
non pode facernos esquecer
que tan certo como a terra é redonda
non se esquece nada de nada
nunca se esquece nada
non se esquece nada de nada
un afaise, iso é todo

nin mesmo ese tempo no que eu faría
mil cancións das miñas penas
nin mesmo ese tempo no que os meus recordos
me colleron as engurras para un sorriso
nin esa gran cama onde os meus remordementos
teñen cita coa morte
nin esa gran cama que eu desexo
nalgúns días coma unha festa

E vós as mans estade tranquilas
é un can que nos volve da cidade
Mathilde volveu vós as mans non vos batades
todo isto non que ten que ver convosco
vós as mans non tremades
lembrade cando vos choraba enriba
Mathilde volveu
vós as mans non vos abrades
brazos nos vos tendades
condenada Mathilde estás aquí

Nai deixa as túas pregarias
o que Jacques volve ó inferno
Mathilde volveume
Bougnat tráenos viño
ese das vodas e das festas
Mathilde volveume
amigos non contedes máis comigo
cuspo ó ceo unha vez máis
fermosa Mathilde estás aquí aquí

As cervas

Elas son o noso primeiro inimigo
cando liscan sorrindo
dos lameiros do aborrecemento
as cervas
coas pálebras como cabelos
os cabelos como ganchos de cervatiños
e só a punta dos ollos
que mente
tan ben que o cazador se detén
eu sei de homes terribles
que elas volveron poetas
as cervas
e tanto se botamos dos nosos pensamentos
como se elas nos cazan poñéndose encarnadas
elas son o noso primeiro inimigo
as cervas de quince anos

son o noso máis fermoso inimigo
cando teñen o rebenar da flor
e xa o sabor do froito
as cervas
que pasan todas vestidas de virtude
mentres que con todo o seu corazón
mentres que con todo o seu corpo
elas menten
cando elas sacan a pacer o seu marido
ou sacan a pacer o diamante
sobre o asfalto azul de París
as cervas
que un escorrenta a golpes de rubís
ou que elas nos cazan co sentimento

Mathilde

Nai chegou o momento
de ir rezar pola miña salvación
Mathilde volveu
Bougnat xa podes gardar o teu viño
esta tarde beberei o meu vinagre
Mathilde volveu
ti María a criada
querería que quizais que cambies as nosas sa-
bas
Matilde volveu
amigos non me deixedes
esta tarde eu regreso ó combate
maldita Mathilde estás aquí

meu corazón deixa de tremar
fai como se non soubeses
que a Mathilde volveu
meu corazón para de repetir
que ela está máis fermosa que antes do verán
a Mathilde que volveu
meu corazón para de bombear
lembra que ela te rompeu
a Mathilde que volveu
meus amigos non me deixedes
decídeme que non é necesario
maldita Mathilde estás aquí

non o noso máis fermoso inimigo
as cervas de vinte anos

son o noso peor inimigo
cando saben o seu poder
pero saben ten un prazo
as cervas
cando un cazador é unha sorte
cando a súa beleza esperta tarde
cando é con toda a súa ciencia
que elas menten
engañando o aborrecemento máis que ó cervo
e ó amante con outro amante
e ó outro amante co cervo
que cervea
pero tanto se as perseguimos ó chou
ou nos abandonen coa punta das luvas
son o noso peor inimigo
as cervas de máis de vinte anos

son o noso peor inimigo
cando os seus peitos caen de sono
por ter velado noites de máis
as cervas
cando teñen o paso resignados pelegríns que re-
gresan
cando é con todo o seu pasado
que menten
para reternos mellor
nós que daquela xa non servimos
máis que para impedilas envellecer
as cervas
pero tanto se as arredamos das nosas vidas
como se elas nos cacen porque xa é o momento
elas seguen a ser o noso último inimigo
as cervas de sempre

O país cha

Co vento do norte como derradeira valgada
e as vagas de dunas como contención das vagas
e os vagos rochedos que as mareas traspasan
e que teñen sempre o corazón en maré baixa
con infinidade de néboas por vir
co vento do leste escoitádeo resistir
o país cha que é o meu

coas catedrais como únicas montañas
e os negros campanarios como paos de cucaña
onde os diaños de pedra desenganchando as nubes
ou curso dos días como única viaxe
e os camiños de chuvia como único saúdo
co vento do oeste escoitádeo querer
o país cha que é o meu

cun ceo tan baixo que unha canle se perdeu
cun ceo tan baixo que se fai humilde
cun ceo tan gris que unha canle se perdeu
cun ceo tan gris que hai que perdoalo
co vento do norte que se vén partir
co vento do norte ecoitádeo cruxir
o país cha que é o meu

con Italia que descendese polo Escalda
con Frida a Loura cando se converte en Margot
cando os fillos de novembro se nos volven en maio
cando a chaira é fumegante e trema baixo xullo
cando o vento está no riso cando vento está no trigo
cando o vento está ó sur ecoitádeo cantar
o país cha que é o meu

Bruxelas

Era no tempo no que Bruxelas soñaba
era no tempo do cinema mudo
era o tempo no que Bruxelas cantaba
era o tempo no que bruxelas bruxelaba

na praza de Broukère víanse as vitrinas
con homes e mulleres vestidas de crinolina
na praza de Broukère víase o omnibús
con mulleres e homes con chapeu de copa
e sobre a imperial
o corazón nas estrelas
estaba o meu avó
e a miña avoa
el era militar
ela era funcionaria
el non pensaba ela non pensaba nada
e pretendíase que eu fose listo

era o tempo no que Bruxelas cantaba
era o tempo do cinema mudo
era o tempo no que Bruxelas soñaba
era o tempo no que Bruxelas bruxelaba

sobre os adoquíns da praza de Sainte-Catherine
bailaban os homes e as mulleres vestidas de crinoli-
na

sobre os adoquíns bailaban os omnibús
coas mulleres e os homes con chapeu de copa
e sobre o imperial
o corazón nas estrelas
estaba o meu avó
estaba a miña avoa
el soubéao facer
deixáralo de facer

eles fixéranos así xuntos
e pretendíase que eu fose serio

Era no tempo no que Bruxelas soñaba
era no tempo do cinema mudo
era o tempo no que Bruxelas cantaba
era o tempo no que bruxelas bruxelaba

baixo os farois da praza Sainte-Justine
cantaban os homes e as mulleres vestidas de crinoli-
na

baixo os farois bailaban os omnibús
coas mulleres e os homes con chapeu de copa
e sobre a imperial
o corazón nas estrelas
estaba o meu avó
estaba a miña avoa
el esperaba a guerra
ela esperaba ó meu pai
estaban alegres como a canle
e pretendíase que tivese unha moral

Era no tempo no que Bruxelas soñaba
era no tempo do cinema mudo
era o tempo no que Bruxelas cantaba
era o tempo no que bruxelas bruxelaba

que galdufrarán os obenques
e que cheira a bacallau
ata no corazón das patacas fritidas
as súas mans invitan
a recuncar unha vez máis
despois levántanse rindo
nun ruído de tempestade
pechan a súa petrina
e saen arrotando

no porto de Amsterdam
hai mariñeiros que beben
e que beben e volven beber
e que beben unha vez máis
e que beben á saúde
das putas de Amsterdam
de Hamburgo ou de calquera sitio
en fin beben polas damas
que lles deron os seus corpos lindos
que lles deron a virtude
por unha moeda de ouro
e cando están ben bébedos
chantan o nariz ó ceo
límpanse o nariz nas estrelas
e mexan como choro eu
sobre as mulleres infieis

Amsterdam

No porto de Amsterdam
hai mariñeiros que cantan
os soños que os obsesionan
na inmensidade de Amsterdam
no porto de Amsterdam
hai mariñeiros que dormen
tendidos como oriflomas
ó longo das ribeiras sombrizas
no porto de Amsterdam
hai mariñeiros morren
cheos de cervexa e de dramas
nas primeiras luces
no porto de Amsterdam
hai mariñeiros que nacen
na calor mesta
da languidez oceánica

no porto de Amsterdam
hai mariñeiros que comen
sobre manteis moi brancos
de peixes escintilantes
eles amosaranvos os dentes
que comerán a fortuna
que vomitarán a lúa

Os burgueses

O corazón ben ó quente
os ollos na cervexa
na casa da grosa Adrienne de Montaland
co amigo Jojo
e co amigo Pierre
iamos beber os nosos vinte anos Jojo se cría Voltaire
e Pierre Casanova
e eu que era o máis fachendoso
eu críame eu mesmo
e cando cara á medianoite pasaban os notarios
que saían do hotel Trois Faisans
ensinábámoslle o cu e as nosas boas maneiras
cantándolles

os burgueses som como os porcos
canto máis vellos máis parvos se volven
os burgueses son como os porcos
canto máis vellos máis...

O corazón ó quente
os ollos na cervexa
na casa da grosa Adrienne de Montaland
co amigo Jojo
e co amigo Pierre
iamos queimar os nosos vinte anos

Voltaire bailaba como un vigairo
e Casanova non se atrevía
e eu que seguía sendo o máis fachendoso
estaba case tan bébedo coma min
e cando cara á medianoite pasaban os notarios que
saían do hotel Trois Faisans
ensinábanmoslle o cu e as nosas boas maneiras
cantándolles

os burgueses son como porcos
canto máis vellos máis parvos se volven
os burgueses son como os porcos
canto máis vellos máis...

o corazón ó quente os ollos caídos
no bar do hotel Trois Faisans
co mestre Jojo
e co mestre Pierre
entre notarios pasamos o tempo
Jojo fala de Voltaire
e Pierre de Casanova
e eu que sigo a ser o máis fachendoso
eu falo aínda de min
e é en saíndo o señor comisario que todas as noites
desde a casa da Montalantos rapaces peinacús
amósannos o traseiro
e cántannos

os burgueses son como os porcos
canto máis vellos máis parvos se volven
os burgueses son como os porcos
canto máis vellos máis...

Os bombóns

Tróuxenlle uns bombóns
porque as flores son perecedeirás
e os bombóns son certamente bos
anque as flores sexan máis presentables
sobre todo cando son abrochos
pero eu tróuxenlle uns bombóns

agardo que poidamos dar un paseo
que a súa señora nai non dirá nada
iremos ver pasar os trens
e ás oito volveirena traer
qué fermoso domingo para a estación
tróuxenlle uns bombóns

se soubese o orgullosa que estou
de vela a vostede do meu ganchete
a xente mirame de esguello
e algúns incluso rin por detrás
o mundo está cheo de maliciosos

tróuxenlle uns bombóns

oh si Germaine está menos ben que vostede
oh si Germaine é menos linda
é certo Germaine ten cabelo loiro
é certo Germaine é cruel
niso ten moita razón
tróuxenlle uns bombóns

e chegamos xa á Grand Place
no kioko tocan a Mozart
pero dígame que é só por casualidade
que está aí o seu amigo Léon
se quere que lle ceda o meu sitio
trouxéralle uns bombóns

pero bos días señorita Germaine

tróuxenlle uns bombóns
porque as flores son perecedeirás
e os bombóns son certamente bos
anque as flores sexan máis presentables...

La Fanette

Eramos dous amigos e Fanette amábame
a praia estaba deserta e durmía baixo xullo
se as ondas se lembran daquilo diránvos
cantas cancións cantei pola Fanette

cómpre dicir
cómpre dicir que era fermosa
como unha pérola de auga
cómpre dicir que era fermosa
e eu non son guapo
cómpre dicir
cómpre dicir que era morena
como dourada era a duna
e téndoas a unha e outra
eu era o amo do mundo
cómpre dicir
cómpre dicir que eu estaba tolo
ó crer en todo aquilo
eu críao noso
eu a cría miña
cómpre dicir
que non se nos aprende
a desconfiar de todo

Eramos dous amigos e Fanette amábame
a praia estaba deserta e mentía baixo xullo
se as ondas se lembran daquilo diránvos como pola
Fanette se parou a canción

cómpre dicir
cómpre dicir que en saíndo
dunha onda esmorrente
eu vinos marcharse
como amante e amante
cómpre dicir
cómpre dicir que riron
cando me viron chorar
cómpre dicir que cantaron
cando eu os maldicín
cómpre dicir
que aquel día foi
cando nadaron tan lonxe
cando nadaron tan ben
que non os volveron ver
cómpre dicir
que non se nos aprende
pero falemos doutra cousa

Eramos dous amigos e Fanette amábao
a praia está deserta e chora baixo xullo
e na tarde algunhas veces
cando as ondas se calman
oio como unha voz
esoito... é a Fanette

Zangra

Chámome Zangra e son tenente
no forte de Belonzio que domina a chaira
por onde virá o inimigo que faga heroe
esperando ese día aborrézome algunhas veces
daquela baixo á aldea para ver as rapazas en grupos
pero elas soñan co amor e eu cos meus cabalos

chámome Zangra e xa son capitán
no forte de Belonzio que domina a chaira
por onde virá o inimigo que faga heroe
esperando ese día aborrézome algunhas veces
daquela baixo á aldea para ver a moza Consuelo
pero ela fala de amor e eu dos meus cabalos

chámome Zangra agora comandante
no forte de Belonzio que domina a chaira
por onde o inimigo virá que faga heroe
esperando ese día aborrézome algunhas veces
daquela baixo beber á aldea con don Pedro
el brinda polos meus amores e eu polos seus caba-
los

chámome Zangra e son un vello coronel
no forte de Belonzio que domina a chaira
por onde virá o inimigo que faga heroe
esperando ese día aborrézome algunhas veces

daquela baixo á aldea para ver a viúva de Pedro

falo por fin de amor e ela dos meus cabalos

chámome Zangra onte demasiado vello xeneral
abandonei Belonzio que domina a chaira
e o inimigo está alí xa non serie heroe

Non sei por qué

Non sei por qué a chuvia
deixa alá arriba os seus oropeis
que son as pesadas nubes grises
para deitarse sobre as nosas costas
eu non sei por qué o vento
se diverte nas mañás claras
espallando os risos dos nenos
campás fráxiles de inverno
eu non sei nada de todo isto
pero sei que te amo aínda

eu non sei por qué a estrada
que me empurra cara á cidade
ten o cheiro frío das derrotas
do lamigueiro en lamigueiro
eu non sei por qué o veo
da brétema xeada que me escolta
me fai pensar nas catedrais
onde se reza polos amores mortos
eu non sei nada de todo isto
pero sei que te amo aínda

eu non sei por qué a cidade
me abre as murallas das barriadas
para me deixar deslizar fráxil
baixo a chuvia entre os seus amores
eu non sei por qué esa xente
para celebrar mellor a miña derrota
para seguir mellor o meu enterramento
pegan o seu nariz ás fiestras
eu non sei nada de todo isto
pero sei que te amo aínda

eu non sei a que hora parte
este triste tren para Ámsterdam
que unha parella debe coller esta tarde
unha parella na que ti es a muller
e non sei cara a qué porto
parte de Ámsterdam este gran navío
que rompe o meu corazón e o meu corpo
o noso amor e o meu futuro
eu non sei nada de todo isto
pero sei que te amo aínda
pero sei que te amo aínda